



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

A LARACHA

Cambio de denominación da praza "Olonne Sur Mer" por "Les Sables D'Olonne"

Anuncio

Publicase rectificación de erros do anuncio do punto seis da sesión ordinaria celebrada polo Pleno da Corporación o 30 de setembro 2022. O prazo de vinte días para alegacións ou obxección comezara a contar desde a publicación desta corrección de erros.

A. CAMBIO DE DENOMINACION DA PRAZA OLONNE SUR MER POR LES SABLES D'OLONNE

"O Concello da Laracha atópase hermanado co concello francés Olonne Sur Mer.

Este concello levou a cabo a fusión con outras dúas localidades e a integración nunha única entidade baixo a denominación Les Sables D'Olonne, que alcanza os 45.000 habitantes.

Froito deste hermanamento no Concello da Laracha existe unha praza co nome de Olonne Sur Mer, pero vista a cesión de concellos citada, parece axeitado cambiar a denominación para axustarse á realidade.

Visto o informe de Secretaria Xeral.

O Pleno da Corporación, co dictame favorable da Comisión Informativa de asuntos xerais do Pleno, adopa por unanimidade dos membros presentes, o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Modificar a denominación da praza denominada Olonne Sur Mer existente na actualidade que pasa a denominarse:

– PRAZA LES SABLES D'OLONNE, cuxo código e denominación a efectos da actualización do Censo Electoral son os seguintes:

Distrito: SEN DISTRITO

Sección: SEN SECCIÓN

Unidade poboacional: SEN UNIDADE

Código: 116

Entidad colectiva. TORÁS

Entidad singular A LARACHA

Núcleo A LARACHA

SEGUNDO.- O expediente provisionalmente aprobado será exposto ao público por un prazo de vinte días, durante os cales os interesados poderán presentar as alegacións ou obxeccións que estimen oportunas que haberán de ser atendidas e resoltas antes da aprobación definitiva. Non caso de que non se presenten reclamacións non prazo de información pública, entenderase definitivamente adoptado ou Acordo ata entón provisional.

TERCEIRO.-O acordo definitivo notificarase aos afectados (veciños e propietarios dos terreos e edificios das vías obxecto dos expedientes), ao Instituto Nacional de Estatística (para a súa incorporación ao guía oficial do municipio) e a todas aquelas outras persoas e/ou entidades que se considere oportuno.

A Laracha o 11 de outubro de 2022

O Alcalde José Manuel López Varela